

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 29 de marzo de 2010 pola que se fai pública a concesión de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación para o desenvolvemento, convocadas pola Orde do 30 de novembro de 2009.

A Orde do 30 de novembro de 2009, do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 240, do 10 de decembro), aproba as bases reguladoras e procede á convocatoria pública de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación para o desenvolvemento.

Concluído o prazo de presentación de instancias, e avaliadas as solicitudes presentadas de acordo cos criterios fixados nas bases da convocatoria, a comisión de valoración elevou unha relación de catorce persoas propostas para a adxudicación das bolsas e a listaxe de reserva para o caso de renuncia dalgunha delas.

Co fin de facer valer o principio de proporcionalidade na calidade dos datos recollidos que se cita no artigo 4 da Lei orgánica, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no expediente persoal de cada un dos solicitantes das bolsas conservarase diligencia da súa aptitude, coa posterior destrución definitiva dos certificados médicos achegados.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido na base quinta da orde de convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.-Concederlles catorce bolsas de formación nos destinos sinalados ás persoas beneficiarias que se relacionan no anexo I desta resolución.

Segundo.-Establecer a listaxe de reserva, por orde de prelación, que se indica no anexo II desta resolución, para o caso de renuncia dalgunha das bolsas concedidas.

Terceiro.-Denegar as demais solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2009.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso postestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde a mesma data. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Persoas beneficiarias das bolsas de formación de expertos en cooperación exterior

Apelidos	Nome	DNI	Destino
Baltar Farre	Ánxela	53301316N	D.X. Relacións Exteriores e coa UE
Cornide Alonso	Ana	47363561Y	D.X. Relacións Exteriores e coa UE
Doallo Álvarez	Raquel	44454857C	D.X. Relacións Exteriores e coa UE
Domínguez García	María José	76928581K	Oficina Técnica Coop. Mozambique
Doval Lodeiro	Laura	46895161R	Oficina Técnica Coop. Bolivia
Dumitrescu	Mónica-Iuliana	X7234227Z	D.X. Relacións Exteriores e coa UE
García Varela	Laura	53303181Z	UNIFEM Ecuador
Gento Temprano	María	79316638B	FAO Nicaragua
Gento Temprano	Paula	79316639N	Oficina Técnica Coop. Guatemala
González Ferreiro	Mónica	33336694B	Oficina Técnica Coop. Ecuador
González López	Cristina	76620454W	Iniciativa de Desenvolvemento Integral de República Dominicana
Otero Rodríguez	Javier	44808205L	Oficina Técnica Coop. Nicaragua
Pérez Salgado	Aída	34982764V	Oficina Técnica Coop. Perú
Sangil Pérez	Cristina	33350302A	Oficina Técnica Coop. O Salvador

ANEXO II

Lista de reserva

Apelidos	Nome	DNI
Dopico Parada	Carlos Luis	53163930M
Ciriza Istúriz	Adriana	72702492K
Sobrino Bernaldo de Quirós	Antfa	34989441R
Martínez Roo	Ana María	44820989S
Legaspi Bouza	Efrén	32692441B
Valle Basanta	Alba	32689373W
Pérez Tenreiro	Ana	46916853G
Jack Lago	Carolina	47357020C
Alén Salgado	Iria	53179843W
De los Bueis Pujales	Lucía	32844187A
Santos González	Diego	44085775L

Resolución do 13 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria de premios ao desenvolvemento de novos contidos para a internet, para particulares e asociacións non empresariais sen ánimo de lucro, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (procedemento administrativo PR980A).

O Consello de Ministros do día 4 de novembro de 2005 adoptou o protocolo polo que se aproba o Plan 2006-2010 para o desenvolvemento da sociedade da información e a converxencia con Europa e entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, denominado Plan Avanza.

O Plan Avanza responde ao mandato que a Comisión Europea realiza aos Estados membros no seu

PLAN i2010 Unha Sociedade da información europea para o crecemento e a ocupación, publicado o 31 de maio de 2005, para que elaborasen antes do remate dese ano os programas de reformas nacionais onde definisen as súas prioridades para a sociedade da información, en liña coas orientacións integradas para o crecemento e a ocupación adoptadas para a Comisión Europea en abril de 2005.

A Xunta de Galicia aprobou o plano estratéxico galego da sociedade da información (PEGSI) 2007-2010 coa misión de contribuír activamente ao desenvolvemento sustentable de Galicia, de xeito que se garanta de forma real a compatibilidade entre o crecemento económico, a creación de emprego de calidade, os maiores niveis de progreso e cohesión social no conxunto da cidadanía galega e a preservación do medio ambiental, cultural e lingüístico propio.

Neste marco de actuacións, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica pretende acadar con esta convocatoria de premios o fomento do desenvolvemento de contidos para a internet que sexan destacables nos aspectos de creatividade e de calidade e que sirvan como elementos tractores do desenvolvemento da sociedade da información en Galicia.

Os proxectos premiados en ningún caso difundirán contidos nocivos, entendendo por tales aqueles que fan uso da violencia física, psíquica e verbal; os que presenten as mulleres como inferiores en dignidade humana en función do seu sexo ou como meros obxectos sexuais, así como calquera contido que incite ou banalice a violencia de xénero. Así mesmo, tampouco se premiarán, en ningún caso, contidos que non respecten o dereito das persoas, a súa propia intimidade e imaxe, os que inculquen expresións ou testemuños vexatorios ou lesivos pola condición persoal dos individuos.

As actuacións desta convocatoria financiaranse coa participación do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en virtude da addenda 2008 ao convenio marco de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do programa Cidadanía Dixital, no ámbito do Plan Avanza asinada o 4 de xullo de 2008 e prorrogada mediante acordo asinado o 3 de xullo de 2009.

Con esta finalidade, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a convocatoria de 32 premios da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, dirixidos a promover o desenvolvemento de novos contidos para a internet en lingua galega coa finalidade de fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación mediante o incremento de

contidos para a internet, destacables pola súa creatividade e calidade.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse os devanditos premios para o ano 2010 (procedemento administrativo PR980A).

Artigo 2º.-Procedemento da presentación das solicitudes.

Para poder ser beneficiario do premio deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexos IV e V desta resolución, acompañada da documentación especificada no artigo 6º das bases reguladoras.

A presentación das solicitudes farase en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia ou por vía escrita (en soporte papel).

Os formularios de solicitude de premio regulados nesta resolución cubriraos e obteraos necesariamente o solicitante, a través da aplicación informática a que se accede seleccionando o procedemento administrativo PR980A, dentro do enlace de Axudas desta secretaria xeral, sita no enderezo da internet <http://imit.xunta.es>. Tamén pode accederse desde o enderezo: <http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia> facendo uso do enlace dispoñible co procedemento PR980A. Estes modelos, unha vez validados pola aplicación informática, valerán tanto para a presentación en papel, unha vez impresos, como para a presentación electrónica, que se describe no artigo seguinte. A validación estará realizada cando a aplicación informática dea a mensaxe de validación realizada.

Poderanse cubrir e obter os formularios a través da aplicación informática ata as 14.00 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información, a través do teléfono 981 54 55 83 ou do enderezo de correo electrónico sxmit.axudas@xunta.es, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación de solicitudes.

Os anexos IV e V desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) exclusivamente para efectos informativos, sendo necesario empregar a antedita aplicación informática antedita para a obtención dos formularios de solicitude.

O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa da desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 e 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A presentación de solicitudes poderá facerse, á escolla do solicitante, por vía escrita ou por vía telemática.

As solicitudes en formato papel presentaranse preferentemente no Rexistro Único do edificio administrativo da Xunta de Galicia de San Caetano, en Santiago de Compostela (A Coruña). Tamén poderán presentarse en calquera outro órgano da Xunta de Galicia, da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local sempre que, neste último caso, se subscribíse o oportuno convenio ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes que se presenten en formato electrónico presentaranse ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia mediante sinatura electrónica da persoa física solicitante ou, de ser o caso, do representante legal da entidade solicitante sempre que non sexa preciso achegar ningunha documentación en papel, téndose que cumprir os requisitos de presentación electrónica especificados no anexo III. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, emitírase un recibo, que poderá ser impreso e gardado polo interesado, en que quedará constancia do feito da presentación. A obtención do devandito recibo é o que lle garante ao solicitante que a presentación tivo lugar sen erros e acredita fronte a Administración e fronte a terceiros a devandita presentación.

Artigo 4º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a tres meses.

Dentro deste prazo, e dado o carácter de concorrencia competitiva da convocatoria, poderanse realizar mediante publicación no DOG os requirimentos de emenda e corrección de erros das solicitudes, así como as notificacións das resolucións correspondentes.

Artigo 5º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código PR980A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información, a través dos seguintes medios:

a) Na páxina web oficial da secretaría xeral (<http://imit.xunta.es>), no seu apartado de Axudas.

b) No teléfono 981 54 55 83.

c) No enderezo electrónico: sxmit.axudas@xunta.es.

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderase facer uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012 (desde fóra de Galicia 902 12 00 12).

Adicionalmente ao punto anterior, unha vez presentadas as solicitudes, poderán habilitarse canles personalizadas (ver anexo III-Definicións e descrições aplicables) de información cos interesados, con independencia dos medios preceptivos de notificación recollidos no artigo 13º das bases reguladoras.

Disposición derradeira

Única.-Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2010.

Mª del Mar Pereira Álvarez
Secretaría xeral de Modernización e Innovación
Tecnolóxica

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de 32 premios ao desenvolvemento de novos contidos para a internet, para particulares e asociacións non empresariais sen ánimo de lucro, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2010 (procedemento administrativo PR980A)

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime da subvención.*

1. Os premios regulados por estas bases teñen por obxecto fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación mediante o desenvolvemento de novos contidos para a internet en lingua galega na Comunidade Autónoma de Galicia, destacables pola súa creatividade e calidade.

2. O procedemento de concesión destes premios tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito aos regulamentos (CE) 1080/2006 (DOUE 31-7-2006), 1083/2006 (DOUE 31-7-2006) e 1828/2006 (DOUE 15-2-2007) relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Artigo 2º.-*Modalidades, número e dotacións de premios.*

Poderase participar nesta convocatoria en catro categorías e dúas modalidades, coa seguinte dotación económica e número de premios:

Categorías:

a) Contidos xerais para a internet. Contidos de tipo xeral que non estean recollidos nas outras categorías.

b) Contidos para o achegamento ás TIC. Contidos públicos na internet orientados aos colectivos con maiores dificultades de inclusión na sociedade da

información (persoas maiores, emigración, inmigración, persoas con discapacidades...).

c) Contidos orientados á promoción do patrimonio, cultura e lingua galegas.

d) Aplicacións informáticas para a prestación de servizos na internet que inclúan a formación e o asesoramento da internet nos fogares. Terán un recoñecemento especial aquelas que se desenvolvesen en código aberto.

Cada categoría terá dúas modalidades:

Modalidade A: novos contidos desenvolto por persoas físicas.

a) Catro primeiros premios de 8.000 euros (1 premio por categoría).

b) Catro segundos premios de 5.000 euros (1 premio por categoría).

c) Oito terceiros premios de 3.000 euros (2 premios por categoría).

Modalidade B: novos contidos desenvolto por entidades sen ánimo de lucro.

a) Catro primeiros premios de 10.000 euros (1 premio por categoría).

b) Catro segundos premios de 5.500 euros (1 premio por categoría).

c) Oito terceiros premios de 3.000 euros (2 premios por categoría).

Se algunha solicitude presenta un traballo que non encaixa dentro da modalidade e/ou categoría seleccionada polo solicitante, pero si encaixa dentro doutra modalidade e/ou categoría, a comisión de valoración poderá apreciar que na selección inicial se produciu un erro do solicitante e adscribirá de oficio a devandita solicitude á modalidade e categoría que máis se axuste ao seu contido para a súa valoración competitiva.

Artigo 3º.-Requisitos.

Os traballos que se presenten por calquera das dúas modalidades previstas deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Requisitos xerais.

a) Os materiais deberán presentarse en lingua galega.

b) Todos os proxectos deberán levar unha memoria en que se recolla a exposición e descrición das características do traballo presentado, incluíndo a descrición dos procedementos de elaboración dos recursos, os medios utilizados, os formatos estándares utilizados e os detalles técnicos de software e hardware necesarios.

c) Todos os traballos presentados deberán ser orixinais, non comercializados, non premiados con anterioridade nin sufragados pola Xunta de Galicia ao abeiro doutros programas. Deberán estar publicados na internet antes do último día de presentación das solicitudes.

d) Deberá incluírse toda aquela información escrita que se considere relevante para un bo desenvolvemento do contido.

e) O material presentado non poderá incluír publicidade de empresas, produtos ou servizos comerciais.

f) Indicarase a URL en que estean publicados os contidos na internet, así como a URL en que se poidan descargar os códigos fonte.

g) Os materiais presentados en que aparezan imaxes de menores deberán levar, obrigatoriamente, a correspondente autorización, segundo modelo que figura no anexo VII, para uso da súa imaxe asinada polos pais, tutores ou representantes legais dos menores.

h) En todos os materiais eliminaranse os estereotipos sexistas ou discriminatorios e fomentaranse o igual valor de homes e mulleres.

No caso de que os solicitantes non dispoñan da plena propiedade dos dereitos do traballo presentado, deberán achegar un escrito asinado polos posuidores destes en que acepten as bases deste concurso. O feito de que un contido necesite para o seu funcionamento e libre distribución software propietario-comercial e/ou dereitos que non poidan ser cedidos polo concursante será motivo suficiente para a súa exclusión do concurso (modelo dispoñible na web oficial da secretaría xeral <http://imit.xunta.es> na súa epígrafe de Axudas).

2. Requisitos técnicos.

Ademais de cumpriren estes requisitos xerais, os traballos presentados a esta convocatoria deberán cumprir necesariamente os requisitos técnicos que se especifican no anexo II.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destes premios, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases:

Modalidade A: persoas físicas.

Modalidade B: entidades sen ánimo de lucro, legalmente constituídas.

Quedan excluídas como beneficiarias:

-As administracións públicas previstas no artigo 2.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-As universidades públicas ou privadas.

-As asociacións de carácter empresarial.

-As cámaras de comercio, industria e navegación.

Así mesmo, en ningún caso poderán ser premiados aqueles nos cales concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de

non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable (anexo V).

Artigo 5º.-Financiamento e concorrencia.

Para a concesión dos premios, destínase un crédito máximo de 162.000 euros, que serán imputados á aplicación orzamentaria 04.70.571A.781.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2010, para o que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio transferiu á comunidade autónoma o importe de 162.000 euros, ao abeiro do estipulado na cláusula quinta da addenda ao Convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do programa Cidadanía Dixital 2008, no ámbito do Plan Avanza, para o que se realizou a xeración de crédito correspondente.

Aplicación	Denominación	Total
04.70.571A.781.0	Premios ao desenvolvemento de novos contidos para a internet.	162.000 €

Este importe consignarase ás diferentes modalidades e categorías recollidas no artigo 2º destas bases reguladoras, de acordo coa seguinte desagregación:

Modalidade	Categoría	2010 (euros)
A: novos contidos desenvolvidos por persoas físicas.	a) Catro primeiros premios de 8.000 €	32.000 €
	b) Catro segundos premios 5.000 €	20.000 €
	c) Oito terceiros premios de 3.000 €	24.000 €
B: novos contidos desenvolvidos por entidades sen ánimo de lucro.	a) Catro primeiros premios de 10.000 €	40.000 €
	b) Catro segundos premios 5.500 €	22.000 €
	c) Oito terceiros premios de 3.000 €	24.000 €
Total		162.000 €

No caso de que non exista suficiente número de solicitudes viables, á vista da documentación dispoñible ou como resultado da valoración obtida, os premios poderán ser declarados desertos.

Artigo 6º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión de premios presentaranse na forma e prazo que se indican nos artigos 2º e 3º desta convocatoria, debendo atender as recomendacións ambientais (ver anexo III) que indica o órgano xestor.

2. As solicitudes estarán compostas pola seguinte documentación en único exemplar:

2.1. Formularios normalizados de solicitude compostos polos anexos IV e V, obtidos necesariamente a través da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, e que só terán validez se están debidamente asinados polo autor/a ou, se é o caso, polo/s representante/s legal/is da entidade correspondente:

2.1.a. Anexo IV (modelo normalizado da solicitude 2 follas).

2.1.b. Anexo V (modelo de declaracións expresas, 1 folla).

-Declaración xurada de pertenza dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade dos materiais ou produtos presentados, de que son inéditos ou, polo menos, que non foron comercializados.

-Declaración expresa de que nin o traballo presentado resultou premiado con anterioridade, nin que os produtos presentados foron sufragados pola Xunta de Galicia ao abeiro doutros programas.

-Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para o mesmo proxecto e conceptos procedentes de calquera Administración ou ente público, nacional ou internacional.

-Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Estes formularios normalizados presentaranse sen engadir novos datos nin realizar emendas ou riscaduras no seu formato orixinal. O incumprimento do disposto neste parágrafo será causa de inadmisión a trámite.

A falta de presentación destes formularios normalizados de solicitude, que teñen carácter obrigatorio, implicará a non presentación da solicitude.

2.2. Documentación xurídico-administrativa da entidade solicitante (orixinal ou copia compulsada) que deberá estar en vigor:

2.2.a. Se o solicitante é unha persoa xurídica, escritura pública de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, e deberá quedar acreditada, de ser o caso, a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

2.2.b. NIF en vigor da entidade solicitante (persoa física ou xurídica). Se o NIF que se presenta dispón de código electrónico de verificación coa AEAT, poderase presentar este documento sen compulsar.

2.2.c. Certificado do secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, en que conste a data de nomeamento do representante da entidade, así como o seu nome, apelidos, número do documento de identidade, que esa representación está en vigor e que ten poder suficiente para actuar ante a Administración pública en nome e representación da devandita entidade (modelo dispoñible na web da secretaría).

2.2.d. Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta declarada na solicitude, en que conste a razón social da entidade solicitante ou, de ser o caso, o nome da persoa física solicitante, NIF da entidade solicitante (persoa física ou xurídica) así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

2.2.e. De ser o caso, autorización, segundo modelo que figura no anexo VII, para o uso da imaxe de cada un dos menores que aparezan nos contidos, asinada polos pais, titores ou representantes legais.

2.2.f. No caso de que o solicitante non dispoña da plena propiedade dos dereitos do traballo presentado, achegarase un escrito asinado polos posuidores destes dereitos en que declaren a aceptación das bases desta convocatoria (modelo dispoñible na web da secretaría).

2.3. Documentación técnica relativa ao proxecto (orixinal ou copia compulsada).

2.3.a. Memoria explicativa do traballo en que conste o historial da entidade, os obxectivos da actividade e os demais datos que se consideren de interese para a súa valoración. Nesta memoria deberá constar:

-A exposición e descrición das características do traballo presentado.

-A descrición dos procedementos de elaboración dos recursos.

-Os medios utilizados, os formatos estándares utilizados.

-Os detalles técnicos de software e hardware necesarios.

-Toda aquela información escrita que se considere relevante para un bo desenvolvemento do contido.

-Consignaranse tamén todos os aspectos inherentes ao proxecto que sexan obxecto de valoración competitiva conxunta.

2.3.b. URL en que estean publicados os contidos na internet, así como a URL en que se poidan descargar os contidos do traballo presentado claramente identificados e os códigos fonte.

2.4. Certificados acreditativos de estar ao día das obrigas coas administracións públicas.

Excepcionalmente, se o solicitante denega expresamente a autorización para acceder á información a que se refire o artigo 7º.4 desta convocatoria, deberá achegar a seguinte documentación en vigor:

2.4.a. Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2.4.b. Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2.4.c. Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se o certificado dispón do código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta do órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Artigo 7º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación do contido da convocatoria e das bases reguladoras, a asunción da veracidade dos datos recollidos e da responsabilidade sobre a súa inclusión, mesmo a responsabilidade por posibles erros realizados a título de simple negligencia.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistro de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante do premio consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos aos premios recibidos, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, esta secretaría publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe dos premios concedidos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos premiados e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007.

4. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión do premio polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente a dita autorización mediante declaración expresa no formulario de solicitude, debendo presentar neste caso as citadas certificacións.

Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar. No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

5. Igualmente, de conformidade co citado artigo 20 da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa está no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a esa documentación, sempre que esta se manteña vixente e se identifique no formulario de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para o que foi presentada e non transcorresen máis de cinco anos desde a dita presentación.

Artigo 8º.-*Órganos competentes.*

A Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondendo a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ditar a resolución que corresponda.

Artigo 9º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6º das bases reguladoras e da documentación identificada polo solicitante como información accesible (ver o anexo III), se logo das xestións efectuadas polo órgano xestor se obtivese un resultado negativo da devandita información ou esta non fose válida, ou con erros ou inexistentes nos termos identificados inicialmente polo solicitante. Nestes casos o solicitante deberá responder ao requirimento achegando a dita documentación orixinal ou copia cotexada.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, os requirimentos citados de emenda ou corrección poderanse facer mediante publicación no DOG, producindo os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación realizarase, igualmente, no taboleiro electrónico de anuncios da páxina web da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG, e poderase facer indicación de que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado taboleiro. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web, pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

Artigo 10º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado do estudo, informe e avaliación das solicitudes, de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, para a súa posterior resolución de concesión ou denegación dos premios, polo órgano competente para resolver.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidenta: a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ou persoa en quen delegue.

b) Catro vogais: o subdirector xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información ou persoa que o substitúa, o xefe do Servizo de Xestión da Sociedade da Información, ou persoa que o substitúa, e dous asesores técnicos nomeados para tal fin pola secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

c) Secretario/a: un funcionario da Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información.

3. Os/as suplentes serán designados/as pola Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información.

4. A comisión poderá estar asistida por expertos externos.

5. Así mesmo, a comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos achegados xunto coa solicitude. Tanto os membros da comisión como os membros da subcomisión técnica poderán percibir axudas de custo por asistencia e axudas para gastos de locomoción por concorrer ás sesións conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

6. Na proposta que formule a comisión ao órgano instrutor figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter o premio, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte.

7. O resto das solicitudes quedarán en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos traballos inicialmente premiados. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas conforme o sinalado neste artigo.

8. Sen prexuízo do recollido nos puntos anteriores, á vista da documentación dispoñible, ou como resultado da valoración obtida, a comisión de valoración pode considerar como non viable tecnicamente un traballo presentado.

9. Esta comisión, tendo en conta os criterios de avaliación recollidos no artigo 11º, emitirá unha proposta razoada en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

Artigo 11º.-Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que servirán de base para a elección dos traballos premiados serán os seguintes aspectos de calidade técnica dos contidos segundo as distintas modalidades:

Criterios de avaliación	Puntuación segundo categoría			
	A	B	C	D
1. Adaptación á correspondente modalidade dos contidos presentados.	De 0 a 5 puntos			
2. Posibilidade de usarse en multiplataforma.	--		De 0 a 5 puntos	
3. Calidade da documentación, con explicacións exhaustivas e claras que favorezan o emprego da ferramenta.	--		De 0 a 10 puntos	
4. Calidade técnica do material creado.	De 0 a 20 puntos			
5. Grao de innovación da idea e dos contidos do proxecto.	De 0 a 20 puntos			
6. Que as imaxes estean xeorreferenciadas, especialmente se se trata de fotos relacionadas con paisaxe, natureza, monumentos, etc.	De 0 a 15 puntos		--	
7. Utilización de licenzas libres como a EUPL, GPL da FSF ou calquera outra das recollidas na <i>Open Source Initiative</i> (http://www.opensource.org/licenses/).	De 0 a 10 puntos			
8. Utilización de estándares abertos, conformidade cos estándares W3C, usabilidade, accesibilidade, utilización de metadatos.	De 0 a 15 puntos			
9. Publicación de contidos mediante algunha licenza libre, como <i>Creative Commons</i> .	De 0 a 15 puntos			

1. Adaptación á correspondente modalidade dos contidos presentados. Valorarase se a solicitude presenta un traballo que encaixa dentro da modalidade e/ou categoría seleccionada polo solicitante.

-0 puntos. A solicitude non encaixa dentro da modalidade seleccionada.

-5 puntos. A solicitude encaixa dentro da modalidade seleccionada.

2. Multiplataforma. Valorarase a posibilidade de emprego do traballo nas plataformas tecnolóxicas máis estendidas no mercado, tanto de escritorio (Windows, Mac, Linux...) como móbil (iPhone OS, Android OS...), empregando os navegadores web máis estendidos no mercado (internet Explorer, Mozilla Firefox, Apple Safari, Opera, Google Chrome...) nos distintos sistemas operativos para os que foron desenvolvidos.

-0 puntos. O traballo non se visualiza correctamente en todos os navegadores web de escritorio máis estendidos no mercado, nin en todos os navegadores web en contornos móbiles máis estendidos no mercado.

-2,5 puntos. O traballo visualízase correctamente nos navegadores web de escritorio máis estendidos no mercado, pero non en todos os navegadores web de contornos móbiles máis estendidos no mercado.

-2,5 puntos. O traballo visualízase correctamente en todos os navegadores web de contornos móbiles máis

estendidos no mercado, pero non en todos os navegadores web de escritorio máis estendidos no mercado.

-5 puntos. O traballo visualízase correctamente nos navegadores web máis estendidos no mercado, tanto de escritorio como de contorno móbil.

3. Calidade da documentación. Valorarase a existencia, exhaustividade, calidade técnica e claridade da documentación técnica e dos manuais de usuario, que permitan o emprego da ferramenta nas distintas plataformas para as que estea dispoñible.

Valorarase a existencia tanto de documentación escrita (en formatos estándar como o *Portable document format* ISO 32000-1:2008, o *OpenDocument* ISO/IEC 26300:2006...) como de documentación en multimedia.

-0 puntos. Non existe documentación.

-3 puntos. A documentación existente ten unha baixa calidade.

-7 puntos. A documentación é exhaustiva e de alta calidade. Emprega formatos estándar.

-10 puntos. A documentación é exhaustiva, de alta calidade e emprega formatos estándar. Complementáase con contidos multimedia, que axudan a unha mellor comprensión do funcionamento da ferramenta.

4. Calidade técnica. Valorarase a calidade técnica do traballo, atendendo a diversos aspectos, entre os que cabe destacar:

* Funcionais.

-2 puntos. Eficacia dos servizos facilitados.

-1 punto. Facilitade de uso do sistema.

-1 punto. Bidireccionalidade na interacción co sistema e na creación de contidos.

-1 punto. Carácter multilingüe do sistema.

-1 punto. Ausencia de publicidade.

-1 punto. Presenza de créditos do material.

* Técnico-estéticos.

-3 puntos. Calidade do contorno audiovisual.

-2 puntos. Calidade e cantidade dos elementos multimedia.

-3 puntos. Calidade nos contidos.

-1 punto. Sistema de navegación que facilite o labor ao usuario.

-1 punto. Baixo número de niveis de enlaces.

-1 punto. Sinxeleza na interacción co sistema.

-1 punto. Rapidez na execución, na carga e na visualización dos contidos.

* Psicolóxicos.

-1 punto. Grao de adecuación aos destinatarios.

5. Grao de innovación da idea. Valorarase o grao de innovación da idea, entendendo como tal a non existencia doutra idea semellante da mesma calidade no ámbito autonómico, estatal ou mundial.

-0 puntos. Idea non innovadora.

-6 puntos. Idea innovadora a nivel autonómico.

-14 puntos. Idea innovadora a nivel estatal.

-20 puntos. Idea innovadora a nivel mundial.

6. Xeorreferenciación das imaxes. Valorarase que as imaxes se atopen xeorreferenciadas ou xeotiquetadas, de tal forma que conteñan información xeográfica nos metadatos do arquivo que sirva para a súa xeorreferenciación, empregando especificacións amplamente usadas no mercado, tales como Exif, IPTC...

-0 puntos. Imaxes non xeorreferenciadas.

-5 puntos. Menos do 30% das imaxes xeorreferenciadas.

-10 puntos. Menos do 70 % das imaxes non xeorreferenciadas.

-15 puntos. Todas as imaxes están xeorreferenciadas.

7. Utilización de licenzas libres. Valorarase o emprego de licenzas libres no desenvolvemento e posta á disposición do público do contido do traballo. Consideraranse licenzas libres calquera das aprobadas pola entidade *Open Source Initiative*. Na URL <http://www.opensource.org/licenses/alphabetical> pode consultarse unha lista completa destas licenzas.

-0 puntos. Non se empregan licenzas libres.

-5 puntos. Empréganse licenzas libres, pero non na totalidade do traballo.

-10 puntos. Empréganse licenzas libres na totalidade do traballo.

8. Uso dos estándares abertos. Valorarase a adaptación do traballo á prioridade 2 da Norma UNE 139803:2004 Aplicacións informáticas para persoas con discapacidade. Requisitos de accesibilidade para contidos na web e ás directrices de accesibilidade *Web Content Accessibility Guidelines (WCAG) 2.0* definidas polo grupo de traballo permanente *Web Accessibility Initiative (WAI)* do Consorcio para a *World Wide Web (W3C)*, no seu nivel AA.

Valorarase a adaptación do traballo aos estándares do organismo *World Wide Web Consortium (W3C)* (disponibles na URL <http://www.w3.org/standards/>).

-0 puntos. Non se empregan estándares abertos.

-7,5 puntos. Emprégase estándares abertos, pero non na totalidade do traballo.

-15 puntos. Empréganse estándares abertos na totalidade do traballo.

9. Licenza de publicación dos contidos. Valorarase a publicación de contidos mediante algunha licenza libre, como pode ser calquera das *Creative Commons* (dispo-

ñibles na URL <http://es.creativecommons.org/licencia/>) ou a *GNU Free Documentation License* (dispoñible na URL <http://www.gnu.org/licenses/fdl.html>).

-0 puntos. Non se emprega ningunha licenza libre.

-7,5 puntos. Empréganse licenzas libres, pero non na totalidade do traballo.

-15 puntos. Empréganse licenzas libres na totalidade do traballo.

Artigo 12º.-*Audiencia*.

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o número anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Artigo 13º.-*Resolución e notificación*.

Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instructor formulará a proposta de resolución para a súa elevación á secretaria xeral.

A secretaria xeral, á vista da proposta e logo da presentación polos posibles beneficiarios da declaración de que o material presentado é inédito ou, polo menos, non foi comercializado, e de que non obtivo ningún premio desde que se presentou a esta convocatoria e copia en CD/DVD dos contidos do traballo presentado claramente identificados, incluíndo os códigos fonte, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, o traballo que se premia, o premio concedido e a súa contía ou, de ser o caso, a causa de denegación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de tres meses contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso dos premios concedidos poderase substituír esta notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e o traballo premiado.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación. Non obstante, poderase substituír dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios poden consultar

a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Os interesados ou os seus representantes poderán retirar a documentación e materiais non premiados na Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información no prazo de catro meses a partir da publicación da resolución de concesión desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o citado prazo, procederase á súa destrución, agás os que sexan obxecto de recurso.

Artigo 14º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro desta convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 15º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do premio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Cando por algunha circunstancia varíen as condicións tidas en conta para a concesión do premio, o órgano competente para a súa concesión poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, e deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do traballo estea comprendida dentro da finalidade desta convocatoria.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación do premio.

3. A entidade beneficiaria deberá solicitar a dita modificación mediante instancia dirixida á secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior. A entidade beneficiaria disporá do prazo dun mes contado a partir da data de notificación da resolución da concesión do premio para solicitar tal modificación. De non facelo, implicará a perda total do premio concedido.

4. A modificación da resolución requirirá informe favorable da Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información, que só será outorgada cando non se altere significativamente o traballo inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica logo da instrución do correspondente expediente no cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 12º destas bases reguladoras.

Artigo 16º.-*Aceptación e renuncia.*

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia ao premio entenderase que o acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia ao premio poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo VI, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a secretaria xeral ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 17º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión do premio.

b) Acreditar ante a entidade concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou gozo do premio, no prazo sinalado na convocatoria.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso, que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte o artigo 20.3º da Lei 9/2007, desen como resultado que o/a solicitante ou o/a beneficiario/a ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase ao/a solicitante ou beneficiario/a que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de fiscalización e control que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

e) Comunicar á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o traballo premiado, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión do premio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á data límite de presentación da documentación solicitada aos posibles beneficiarios.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao/a beneficiario/a en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Manter os traballos premiados e conservar toda a documentación relacionada co premio outorgado, durante un período de cinco anos desde a súa concesión. Esta condición non impedirá a substitución de instalacións ou equipamentos que queden obsoletos, dentro dese prazo de cinco anos, debido á rápida evolución da tecnoloxía, sempre que o traballo se manteña en Galicia durante este período mínimo.

h) Proceder ao reintegro, total ou parcial, do premio percibido no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

i) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do premio en todas as actuacións que deriven da execución do traballo presentado. En concreto, as entidades beneficiarias dos premios deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación ao traballo premiado, o premio de que foron obxecto por fondos europeos Feder, así como pola Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, e do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través do Plan Avanza, de acordo co disposto na regulamentación comunitaria nesta materia. Para isto empregarán a lenda «Proxecto premiado», acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia coa lenda «Presidencia»-«Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica» e o emblema normalizado da Unión Europea coa lenda «Unión Europea. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional».

Cando o proxecto se materialice nun sitio da internet, deberán realizarse en lugar visible as citadas referencias na súa páxina de inicio. Así mesmo, establecerase un enlace cara a páxinas web da Comisión Europea relativa ao fondo.

Cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, «acerca de» ou similares).

j) En todo caso, toda a documentación ou publicidade que se faga do traballo premiado, incluída a través da web, farase, como mínimo en lingua galega.

k) No caso de que os autores decidisen difundir por outras vías os traballos premiados, deberán con-

tar coa autorización expresa da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e indicar o premio de que foron obxecto.

l) A entidade beneficiaria comprométese a colaborar coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica na difusión do proxecto, para o que esta secretaría xeral poderá solicitarlle información sobre o desenvolvemento da actuación, para a súa difusión.

Artigo 18º.-Pagamento.

Os órganos competentes da secretaría xeral, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento do traballo premiado e das condicións establecidas para a súa concesión.

O pagamento do importe correspondente aos premios farase por transferencia bancaria.

Os premios estarán suxeitos á retención fiscal correspondente.

Artigo 19º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver a totalidade do premio percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II do reintegro de subvencións da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Aos beneficiarios dos premios regulados nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007.

Artigo 20º.-Control.

1. A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento dos premios.

2. Alén do anterior, os premios estarán sometidos á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Así mesmo, estará sometido ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se fose o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 21º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación dos traballos premiados con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade do traballo premiado.

Artigo 22º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Así mesmo, observarase o disposto na normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

ANEXO II**Requisitos técnicos do material presentado a concurso****1. Requisitos técnicos xerais.**

Se as páxinas inclúsen compoñentes multimedia que requirisen unha instalación de módulos adicionais no navegador, deberá advertirse isto na páxina inicial e indicar as instrucións de descarga, instalación e configuración necesarias.

Os materiais que fagan uso do contorno web deberán aterse aos criterios xerais de deseño, navegabilidade e usabilidade que se indican:

-Presentar en todas as páxinas un menú que permita o acceso rápido ao resto dos contidos do recurso.

-Mediante iconas ou texto, indicarlle a quen navega en que sección se encontra, onde pode ir, como pode volver á páxina principal, etc.

-Para evitar tempos de descarga excesivos, evitar a sobrecarga de imaxes pesadas.

2. Requisitos técnicos específicos para as imaxes:

As galerías de imaxes presentadas cumprirán obrigatoriamente o seguinte requisito:

-Cada imaxe deberá ir acompañada dun pé de foto suficientemente explicativo: motivo, aplicación didáctica, data e lugar (se é significativo).

Os vídeos dixitais presentados cumprirán obrigatoriamente os seguintes requisitos:

-A duración será de 8-10 minutos como máximo.

-As imaxes deberán ser orixinais. En caso de usar imaxes alleas, nunca poderán exceder o 10% da duración total do vídeo.

ANEXO III**Definicións e descrições aplicables, por orde alfabética***** Canles personalizadas.**

Adicionalmente aos medios de información xeral para todos os interesados, e con independencia dos medios preceptivos de notificación administrativa, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxico poderá pór á disposición dos solicitantes, a partir de que xa teñan presentada a súa solicitude, as seguintes canles personalizadas de actualización da información:

-Envío de correos electrónicos informativos ao enderezo electrónico que para tal fin, e de xeito

voluntario, identifique a entidade ou persoa física na súa solicitude.

-Envío de mensaxes curtas de texto (SMS) informativas ao teléfono móbil que para tal fin, e de xeito voluntario, identifique a entidade ou persoa física na súa solicitude.

-O taboleiro electrónico da convocatoria. Este taboleiro electrónico é a canle que permite o acceso restrinxido a través da internet á documentación individual xerada para cada solicitude. Para acceder ao contido do taboleiro electrónico cada entidade deberá empregar un contrasinal que se facilita con cada solicitude ao cubrir os formularios, e que vén identificado na solicitude coa lenda: «Código electrónico». O taboleiro electrónico estará dispoñible na mesma páxina da internet na cal se accede aos formularios normalizados da solicitude, agás que por publicación no DOG se remita a outro acceso a través da internet.

-Servizo de actualización de novidades RSS dispoñible sobre os contidos publicados no taboleiro electrónico. O servizo RSS permite aos interesados obter aviso de xeito automático da actualización de contidos nunha web determinada (neste caso o taboleiro electrónico da convocatoria), sen necesidade de ter que acceder a dita web a diario para verificar se esta foi actualizada.

-Calquera outra canle que, cos medios técnicos dispoñibles durante a vixencia da convocatoria, poida implementar a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica en beneficio dos interesados.

*** Criterios de accesibilidade.**

De conformidade co disposto no artigo 4º da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, as administracións públicas exixirán que as páxinas da internet cuxo deseño ou mantemento financien total ou parcialmente apliquen ao contido, como mínimo, os criterios de accesibilidade xeralmente recoñecidos.

Para os efectos desta convocatoria de axudas identifícanse como criterios xeralmente recoñecidos as directrices de accesibilidade definidas polo grupo de traballo permanente Web Accessibility Initiative (WAI), do Consorcio para a World Wide Web (W3C), no seu nivel AA.

*** Presentación electrónica.**

Para a presentación electrónica de solicitudes considerarase o seguinte:

1. Será necesario que o presentador da solicitude sexa a persoa física solicitante ou que teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante, e como tal figure identificado nos formularios normalizados de solicitude. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

2. O presentador deberá posuír un certificado electrónico en vigor baixo a norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, conforme o disposto no Decre-

to 164/2005, do 16 de xuño. Tamén será válido calquera outro certificado dixital aceptado polo Rexistro Telemático da Xunta de Galicia ao cal se accede desde o enderezo <http://www.xunta.es>, facendo uso do enlace Administración electrónica. Advírtese que os certificados deben ter exclusivamente atributos de persoa física, polo que se acredita a vontade da dita persoa física, e non serán válidos aqueles certificados electrónicos que ademais están vinculados a persoas xurídicas, xa que a vontade da persoa xurídica está limitada nestes certificados a un determinado alcance (por exemplo: exclusivamente para fins tributarios ante a AEAT, gastos menores dunha contía, etc).

3. Neste tipo de presentación, de conformidade co artigo 35.2º da Lei 11/2007, os interesados poderán xuntar ao expediente copias dixitalizadas dos documentos que se lles requiren, responsabilizándose e garantindo o representante legal da entidade solicitante a fidelidade de tales documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. A Administración pública poderá solicitar do correspondente arquivo ou rexistro o cotexo do contido das copias dixitalizadas achegadas. Ante a imposibilidade deste cotexo e con carácter excepcional, poderá requirir ao particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

Neste tipo de presentación o solicitante tamén pode identificar determinada documentación como información accesible polo órgano xestor co que non tería a obriga de presentala. En todo caso o solicitante deberá achegar en formato electrónico a documentación técnica e económica a que se fai referencia no artigo 5º das bases reguladoras.

Para achegar xunto cos formularios normalizados calquera destes documentos en formato electrónico, o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais obtendo arquivos en formato PDF, cuns requisitos mínimos de resolución a 200 dpi e polo menos en branco e negro. A aplicación informática definida na convocatoria, para facilitar a obtención dos formularios normalizados, permitirá no momento da presentación telemática anexar aos citados formularios estes arquivos en formato PDF, sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. No caso de que un documento PDF ocupe máis de dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño, ou partirse en varios arquivos PDF para ser anexados separadamente.

Unha vez asinados co certificado electrónico do presentador os formularios normalizados e todos os documentos que acompañen a solicitude, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no rexistro de entrada, e nese momento, empregando as características da aplicación telemática, expedirase un recibo en que quedará constancia do feito da presenta-

ción segundo o recollido no dito Decreto 164/2005, e que poderá ser impreso e gardado polo interesado. A obtención do dito recibo (en que entre outros datos aparecerán a data, hora, minutos e segundos da presentación e o número de entrada no Rexistro Telemático) é o que lle garante ao solicitante que a presentación tivo lugar sen erros, e acredita fronte a Administración e ante terceiros a devandita presentación.

De conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 11/2007, o servizo de presentación electrónica ante o Rexistro Telemático respectará os principios de accesibilidade e usabilidade de acordo coas normas establecidas ao respecto, estándares abertos e, de ser o caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns. Estes principios non impiden que algún estándar particular non estea dispoñible. Así mesmo, de conformidade coa disposición transitoria única da Lei 11/2007, os rexistros telemáticos existentes na entrada en vigor da dita lei, como é o caso do creado polo Decreto 164/2005, serán considerados rexistros electrónicos e regularanse polo disposto na citada lei.

* Recomendacións ambientais.

Como recomendacións do órgano xestor, e sen repercusión na valoración das solicitudes, cómpre establecer unha serie de pautas sobre a xestión ambiental dos expedientes administrativos, sinalando que a necesaria evolución cara á tramitación electrónica dos expedientes e a mellora na eficacia administrativa pasa polo emprego de boas prácticas, entre as que se atopan o emprego dos rexistros telemáticos ou unha xestión eficiente do papel.

No caso de presentación de solicitudes e documentación en papel, recoméndase encarecidamente o emprego de papel en tamaño DIN A4, sen usar grampas, nin espirais, carpetas clasificadoras, peches térmicos, canudos, aramios ou calquera outro trebello que dificulte os procesos de arquivo e dixitalización da documentación. En todo caso, recoméndase como máximo o tradeado do papel con 2 ou 4 buratos, e a súa fixación con elementos metálicos tipo fastener, facilmente desmontables no caso de empregarse procesos de dixitalización.

Infórmase ademais que todas as carpetas, peches, encadernacións, portadas, bolsas ou separadores plásticos, ou calquera outro engadido ao papel, serán inmediatamente destruídos e/ou reciclados en canto os expedientes cheguen ao órgano xestor, polo que se recomenda non empregalos, o que supón o aforro correspondente. A estética da solicitude non é obxecto de valoración, aínda que si os contidos e a estrutura da información achegada.

Tamén se reitera a innecesariedade de engadir novas portadas ou follas de presentación ou calquera outro documento por diante da primeira folla dos formularios normalizados xerados pola aplicación informática, xa que dita primeira folla xa dispón de todos os datos obrigatorios para a presentación ante calquera rexistro, e esas novas portadas resultan

máis un elemento de confusión para os funcionarios dos rexistros que de axuda.

Tamén no caso de presentación electrónica recoméndase o emprego de arquivos dixitalizados en formato DIN A4, cunha calidade mínima de 200 dpi e polo menos en branco e negro, non sendo necesarias calidades fotográficas senón de identificación da documentación e dos textos contidos nela.

Cando a entidade voluntariamente presente a documentación en papel ante a secretaría xeral, considérase recomendable achegar arquivos en PDF gravados en CDROM, en vez de en papel, cando os documentos teñan unha extensión excesiva (por exemplo, máis de 50 follas). Este feito é recomendable para achegar memorias técnicas, programación e contido dos cursos, manuais de formación, manuais de produtos, listaxes de códigos de programación, ofertas económicas de gran complexidade ou extensión, etc. Nestes casos nos que se presente un CDROM con arquivos PDF deberase achegar tamén un escrito asinado polointeresado en que se relacione o contido dos documentos incluídos no CDROM.

* Software libre.

Entenderase como software libre aquelas aplicacións informáticas que se ofrezan baixo os termos dunha das seguintes licenzas:

- GNU GPL (licenza pública xeral GNU).
- GNU LGPL (licenza pública xeral menor GNU).
- BSD (licenza pública BSD).
- MPL (licenza pública Mozilla).
- EURL (licenza pública da Unión Europea).

ou calquera outra que lle brinde ao usuario, unha vez obtido o programa, as posibilidades de poder usalo, copialo, estudalo, modificalo e redistribuílo libremente, cumprindo, deste xeito, coas catro liberdades do software libre.

Tamén será admitida calquera licenza das previstas pola *Open Source Initiative* na definición de Código aberto (ver en <http://www.opensource.org>).

* Información accesible.

O órgano xestor deste procedemento administrativo facilítalles aos cidadáns o exercicio dos seus dereitos de non presentar documentación que figure na Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ou poida ser obtida polo órgano xestor mediante consulta con outras administracións públicas, segundo se recolle nos artigos 5.2.2 e 5.2.5 das bases reguladoras e coas particularidades que se identifican a seguir.

Para exercer o dereito a non presentar algúns destes documentos debe ser declarada polo solicitante como información accesible, identificando nos formularios normalizados este feito e achegando neles os datos correctos que lle permitan ao órgano xestor acceder á

dita información. Os documentos que poden identificarse como accesibles son os seguintes:

- NIF.
- Escritura de constitución e estatutos.
- Certificados de inexistencia de débedas coa AEAT, a TXSS e a Facenda da Comunidade Autónoma.

a) Caso xeral, para todos os documentos:

Poderá considerarse información accesible cando o solicitante declare que esa documentación está en poder da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, sempre que se manteña vixente, e se identifique nos formularios normalizados de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para o que foi presentada, e non transcorresen máis de 5 anos desde a presentación. Este dereito pode exercerse de acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992 e no artigo 20.3º da Lei 9/2007.

b) Casos particulares co NIF:

Poderá considerarse información accesible cando o solicitante autorice nos formularios normalizados de solicitude que o órgano xestor poida obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos identificativos necesarios (NIF, apelidos e nome ou razón social, e domicilio fiscal), en lugar de presentar tales documentos, comprobando que os datos declarados polo solicitante son exactos. Este dereito pode exercerse de acordo co disposto no artigo 6.2º b) e no artigo 9 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

c) Caso particular de certificados de inexistencia de débedas:

Esta documentación ten nun principio a consideración de información accesible, xa que a presentación da solicitude da axuda implica a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

Non obstante, o solicitante pode denegar expresamente esta autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados, tendo entón o solicitante a obriga de obter e presentar a documentación correspondente.

Este dereito pode exercerse de acordo co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007.

Para todos os casos en que se identifique información accesible, no suposto de erros nos datos achegados polo propio solicitante, imposibilidade material de obter a documentación, ou se a información non fose válida, ou con erros ou inexistente, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.



ANEXO IV (Folla 1 de 2)
(modelo normalizado de solicitude)

PROXECTO PREMIOS AO DESENVOLVEMENTO DE NOVOS CONTIDOS PARA A INTEZANZ, PARA PARTICULARES E ASOCIACIÓNS NON EMPRESARIAIS SEN ANIMO DE LUCRO.	PROGRAMA PROMOIA	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---------------------	-------------------------

DADOS DO SOLICITANTE	
NOME	EMPRESA
ENDEREZO	IDENTIFICACION
PROFESION	TELÉFONO MOBILE
TELÉFONO MOBILE	TELÉFONO MOBILE

REPRESENTACIÓN LEGAL	
APTEL001	NIF
Nome do representante	NIF
APTEL002	NIF
Nome do representante	NIF

DADOS BANCARIOS	
CODIGO BANCARIA	CODIGO BANCARIA
CODIGO BANCARIA	CODIGO BANCARIA

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE OU IDENTIFICA O PODER DA SECRETARÍA XERAL		Si Presenta	Non Presenta	Si, dispoñible na secretaría xeral no procedemento indicado...
FORMULARIO DA SOLICITUDE COMPOSTO POR ANEXO A) (art. 6º das bases reguladoras, punto 2.1)		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	***
ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E ESTA TUTOS (artigo 6º, punto 2.2.b) das bases reguladoras)		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	0
COPIA DO NIF (artigo 6º, punto 2.2.b) das bases reguladoras)		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	0
CERTIFICADO SECRETARIAL (artigo 6º, punto 2.2.c) das bases reguladoras)		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	***
CERTIFICADO DA VITALIDADE DA C (artigo 6º, punto 2.2.d) das bases reguladoras)		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	***
AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXES REPRESENTORES SEGUNDO ANEXO VII (artigo 6º, punto 2.2.f) das bases reguladoras)		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	0
DECLARACIÓN DOS POSIBLEROS BENEFICIARIOS CUNTEO DAS BASES (artigo 6º, punto 2.2.g) das bases reguladoras)		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	***
MEMORIA INPLICATIVA (artigo 6º, punto 2.2.h) das bases reguladoras, punto 2.3)		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	***

En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 13/1999, de promoción de datos de carácter persoal, informase de que os datos persoais recollidos na presente solicitude serán utilizados exclusivamente para a realización do proceso de selección e de valoración das solicitudes de participación no concurso de premios ao desenvolvemento de novos contidos para a intezanz, para particulares e asociacións non empresariais sen ánimo de lucro, no marco do Plan Estratéxico Galego de Sociedade da Información e Plan Avance. Os datos de carácter persoal serán tratados de acordo coa Lei 15/1999, de 13 de maio, de protección de datos de carácter persoal, e a Lei 34/2002, de 11 de xullo, de garantía de información persoal e de acceso á información persoal.

ELIEN, A. S. S. C. S. R. L.	(A través pola Administración)	EMPRESA
	RETIRO	DATA DE ENTREGA
	ESTADO DE CONCURSO	DATA DE OBTENCIÓN
		DATA DE VIGENCIA

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Presidencia da Xunta de Galicia




ANEXO IV (Folla 2 de 2)
(modelo normalizado de solicitude)

BREVE DESCRIPCIÓN DO TRABALLO (Breve resumo da memoria explicativa.)



A presentación de solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relativos referidos á entidade e informacións, así como as súas fontes, nos rexistros de entidades subvencionadas e de entidades do ámbito de Galicia de acordo co disposto no Decreto 12/2006, do 27 de xullo.

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Presidencia da Xunta de Galicia



ANEXO V (Folleto I)
(modelo de declaración da entidade)

DECLARACION EXPRESA DA ENTIDADE SOLICITANTE

Form fields for D/Dª, D/Dª, and DECLARACION EXPRESAMENTE, followed by numbered conditions 1) through 7) regarding funding and material use.

ANEXO VI
(Modelo de renuncia)

Form fields for D/Dª, D/Dª, and a section for 'actuando en representación da entidade'.

MANIFESTA:

- List item regarding 'O Diario Oficial de Galicia publicou o día...' and 'premio que me foi outorgado ao abeiro da resolución do...'

DECLARA:

Que renuncia ao premio concedido, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

..... de de de
Asdo:
O
(sinatura)



ANEXO VII

Autorización para o uso de imaxe de menores

SOLICITUDE DE PERMISO PARA UTILIZAR A IMAXE DE MENORES(*)

D./D^a _____

Con N.I.F. _____ e con domicilio en _____

Da localidade de _____ C.P. _____

Particular de _____

Autoriza a D./D^a _____ con N.I.F. _____

como propietario ou adscrito do derecho do traballo presentado na abreviada Resolución do _____ de 2009, á publicación da imaxe da amada manco A. _____ estes contidos poderá verse nas páxinas _____

Estes contidos divídanse de carácter educativo, para o uso educativo e non comercial. As seccións e produtos derivados da súa utilización non serán, en ningún caso, utilizados para fins comerciais, de carácter publicitario, de promoción de produtos ou de publicidade de carácter comercial.

_____ de _____ de 2009

SINATURA

(*) Este permiso utilízase exclusivamente para fins educativos e non comerciais. O titular do permiso deberá garantir a integridade, exactitude, actualización e publicidade das imaxes e datos que se utilicen.

ANEXO VIII
 (Modelo certificado secretario-disponible na web da Secretaría Xeral)

D./D^a _____, secretario/a da entidade _____, da que é presidente
 D./D^a _____

Que segundo as escrituras en vigor desta entidade:

CERTIFICO:

Que D./D^a _____ con NIF _____
 foi nomeado/a, con data _____, representante da entidade
 _____, con NIF _____ e outorgánselle poder
 suficiente para actuar ante a Administración pública e que esta representación está en
 vigor.

E, para que conste, o presente certificado, por orde e co visto e prace do presidente
 en _____ de _____ de 2009.

Yº e prace
 O presidente

Com secretario/a

Este certificado deberá cubrir en papel da entidade ou incorporarse ao encabezamento o seu logotipo, e
 deberase entregar debidamente aumado e sellado.

